


O Ciprés (Κυπάρισσος)

Kypárisos era un fermosísimo mozo dunha moi importante familia, pois era neto do mesmísimo semideus Heracles. Era tan fermoso que até o deuses Apolo sentía debilidade por el e mesmo lle regalou un cervo domesticado (cervo era o animal sagrado de Ártemis, a súa irmá).

Kypárisos tiña como amigo inseparable ó cervo a quen adoraba. Unha tarde de verán, o mozo matou o cervo sen querer coa súa lanza. Na súa desesperación quería morrer e



así llo pediu con insistencia a Apolo. Pero o deus non quería cumprir o seu desexo e tratou de disuadilo desta idea en vano. Era tanta a dor que consumía a Kypárisos que finalmente Apolo compadeceuse do desconsolado mozo que decidiu libralo da súa dor, pero non o matou, senón que o transformou nunha árbore de porte alongado que lembraba a lanza coa que matara o cervo: o Ciprés (Kypárisos en grego).

A árbore foi consagrada a Hades, o deus dos mortos.

Dende entón o ciprés simboliza a tristeza. Os antigos gregos penduraban ramas de ciprés da porta das casas cando morría un ser querido e mesmo adornaban os seus corpos con ramiñas de ciprés e engadían ramas de ciprés nas piras nas que queimaban os cadáveres.



Tamén hoxe en día as xentes plantan un ciprés no cemiterios como símbolo da dor eterna.